

Brais sobresáltase ao sentir o vibrador do móbil no peto. Outra mensaxe. Xa era a terceira desde que saíra á unha do insti. Non responderá ás dúas primeiras; a esta última tería que facelo se non quería levantar sorpeitas. Faríao ao chegar á casa, teríao que facer. Pero agora non se detivo. Segue andando mentres escoita a musiquiña que ten asociada ás mensaxes, esa musiquiña que leva días pensando en cambiar, porque non lle gusta nada. Enviárala o propio Marcos que sempre anda con esas parvadas, «Mándochá eu, tío, que é guai. Xa verás, é de partir o cu, tío».

O politono imitaba a voz de Pocholo: "Esta noite nos vamos a ir de fieestaa!«. Xa digo, unha parvada.

Para que mirar? A mensaxe dirá o mesmo que as outras dúas. Tratará do mesmo asunto, o que nun primeiro momento deron en chamar OPERACIÓN LOIS, pero que despois no Albatros mudaron en OPERACIÓN MIÑAXOIA, que acaía mellor á natureza do asunto, como o Marcos dixera entre risadas, secundadas con máis ou menos convicción polo resto.

Pero, por que a Lois?

A pregunta caera coma un peso morto e inesperado e fixo calar a todos xeando o aire entre as risadas. Fíxose de súpeto evidente o barullo do Albatros. Brais deu un paso atrás ao percibir a tensión nos músculos da mandíbula de Marcos. «Por que Lois? Preguntas por que. Pois porque si! Porque é un miñaxoia. Ou vástenos poñer sentimental , Braisiño?»

Ao saír do Albatros ao frío do inverno na rúa, Marcos, seguramente para aliviar un pouco a tensión que creara a pregunta, sentiuse na obriga de recordarlles a todos a súa teoría, a que xa coñecían todos: os miñaxoias son miñaxoias e estalles ben todo o que lles pasa.

Para que vai ler o texto da mensaxe? Xa o sabe. É para quedar. E iso que xa quedaran. Pero Marcos non quería fallos, nin que ninguén se lle abrandase no último momento. «Hai que facer o que hai que facer e punto». Pero por que a Lois? Agora Brais non era quen de escapar á pregunta, como fixera no Albatros. Agora estaba só e non había coidado. Agora non tiña que facerse o duro, demostrar... Por que Lois? Contra Lois, el non tiña nada. Nin se levaban nin se deixaban de levar. Estaba alí, na aula, coma outro calquera, como el mesmo. Lois non dicía nada, iso era certo, nunca dicía nada, andaba á súa bola e punto. Unha cara coma outra . E mal tío non é, dice Brais mentres camiña contra o

frío de xaneiro, soproume polo baixo aquela pregunta do demo, a número cinco, no exame sobre a Ilustración e o Antigo Réxime... E non tiña por que. E ata crucei con el unha mirada de agradecemento e fíxome un aceno coa man, algo así coma, bo! non é nada. Despois, máis nada. Un tío máis, outra cara máis da aula, unha cara que asocia a un nome e punto. Outra vez a musiquiña do demo. Xa sei ho, xa sei!

Está a chegar á casa. Só ten que subir a costa e xa, listo. No ascensor saca o móbil do peto. Xa se lle esgotaron as escusas para non facelo.

AXENDA→CHAMADAS→MENSAXES→OK→RECIBIDOS→ 0/4

Alí estaba . Tal e como imaxinara:

MAÑA ÁS 7,

CAMIÑO BAIXO.

IMOS MALLAR PRING Q N FALTE NING

2

Marcos nunca daba razóns das escollas. Decía «este» e punto. Non se discutía. Non era só cuestión de medo. Era por non rifar e tamén por unha especie de xerarquía que quedara establecida non se sabía ben como. Ao principio de curso acurralara a Maneiro. Pero con Maneiro trabucouse. Cando fora a por el nos

servizos do segundo andar, no edificio dos pequenos, o Maneiro sacoulle unha navalla e a cousa púxose seria. Ninguén soubo nunca nada do que pasou alí. Pero aquela mesma tarde, no Albatros, coa mirada en ningunha parte, movendo o corpo ao son de Shakira , Marcos comuni cou o cambio de plans.

—A Maneiro nada. Non se lle toca.

Pero Lois non andaba con navalla. Non sostiña a mirada. Baixaba a cabeza ás primeiras de cambio. A mirada só lla sostiña a Lía, a Lía si. Para min que aí é onde está a cuestión, pensa Brais, nas miradiñas de Lía cara a Lois. As miradiñas din moito. Se ergues a cabeza e cachas a dous que se miran, ás veces descubres mundos. Brais pensa que iso é , no fondo, a razón de todo, que Marcos cachou as miradas e descubriu a electricidade que había nelas. E entroulle a *tolitates*, porque el tamén andaba por Lía, como andábamos todos, que Lía era moita Lía. Marcos négao, négao sempre. Pero era interceptar as miradas e poñerse tenso e movérselle a musculatura das queixadas, como se o apertar tivera a Lois entre os dentes.

No Albatros volvía soar Shakira, no Albatros sempre soaba Shakira; e Marcos mergullouse no vaso da bebida, cando sinalou o obxectivo.

—Imos a por Lois. Hai que mallalo, porque é un miñaxoia.

E fixou a súa xenreira no fondo do vaso. Como se no fondo do vaso estivese o mesmo Lois.

3

AXENDA→CHAMADAS MENSAXES→ OK RECIBIDOS^→ 0/5

7 CAMIÑO BAIXO

Q NING FALTE OK

Brais apaga o móbil.

O seu feble acto de rebeldía. Nada comprometedor, sen consecuencias, lonxe da heroicidade. A heroicidade sería non ir mañá ás sete ao Camiño Baixo. Permítese fantasear coa idea, no seu cuarto, protexido por todos os seus posters, os seus heroes empapelando as paredes do sus cuarto. Na súa película interior imaxínase enfrontándose a Marcos e recibindo a mirada de amorosa admiración de Lía. Aquí si que é doado, non ten que soste miradas; aquí todo é tan acolledor, tan seguro. Aquí é fácil ser valente. Pero mañá...

Lois sábeo todo. O que vai pasar mañá. Brais notoullo na mirada triste, nin sequera implorante, simplemente triste. Lois baixou a cabeza cara ao libro e a Brais algo se lle descompuxo dentro. Sentiu o cobadazo de Marcos e logo soou o timbre.

A el que lle fixo? O Lois a el non lle fixo nada. Se ata lle soprou naquela pregunta, a número cinco, a máis difícil do exame da Ilustración. No fondo débelle o seis que sacou, pouco máis que aprobado raso, cero, pero aprobado á fin. Vaia, tampouco hai que esaxerar. Brais precisa fuxir daquel principio de ataque de simpatía, un sopro é un sopro, non é salvarche a vida. E ademais é raro, o Lois é máis raro que un can verde, sempre calado... non sei como dicilo, non encaixa. Iso, non encaixa, non sei...

Brais bota man do mp3 e coloca case con avidez os auriculares. Outra vez Shakira. Teño que renovar a miña música, e cambiar o canso ton do móbil. Ao mellor non vén. Ou vai por outro sitio e non pasa polo Camiño Baixo. Pero que estou a dicir? Non pode ir por outro sitio. Ten que ir por alí, non lle queda outra. Si, pero ao mellor non pasa; ao mellor cóntallo ao pai, ou vai á policía. Pero que digo? Os pais están separados, o pai vive en Ourense, creo, oh! que lería máis complicada! Oxalá se defendese ou denunciase o asunto na prensa, ou tivese navalla. Se tivese navalla o Marcos non andaría tan sobrado. Pero como vai ter navalla! Ao final vai ser verdade que ten merecido. Que lle está ben o que lle vai pasar mañá. Que lería...

Non cho digo eu! Aínda por riba é puntual o paspán este. Ás sete en punto. Nin que fora o dos sinais horarios de Radio Nacional.

Foi velo baixar a costa e xa Marcos se puxo tenso e pechou os puños. Oístes, non quero zarapalladas, eh. Nada de sentimentalismos con ese miñaxoia. A ver que di a Lía cando mañá vexa a cariña do seu namorado feita un mapa, a pija esa!

Chegou onda eles e detívose. Non dixo nada. Aver, si, dicir dixo unha cousa que apenas se oiu: «acabemos con isto dunha vez». Si, Brais lémbrao ben, dixo «acabemos con isto dunha vez». Meteu a man no peto. Non me digas que ten unha navalla! Non hai caso. Non sacou ningunha navalla. Coas mans no peto confirmaba a súa decisión de non defenderse. Marcos foille enriba e zapateouno no chan. A carranchapernas enriba del deu comezo á malleira. Logo fóronlle os outros. Brais pechou os ollos. Non oíu berros. Só oíu o ruído xordo dos golpes e os arquexos dos agresores. Quedou alí teso e quieto, tremendo; pero non de medo, dunha náusea que lle nacía nas entrañas e lle subía ata a boca, facéndoo case trousar. Seguiu inmóbil, como aquel día, xa afastado, no que a panda de rapaces fóra estragar a pedradas os cristais da fiestra da casa abandonada do Reboiras (abandonada

si, pero ten dono, dixéralle a nai mentres lle poñía o cu a ferver; iso non se fai Braisiño), e total, el quedara quieto coa pedra na man, sen atreverse a lanzala, morto de medo, como agora. Non lle serviu de nada, que levou o mesmo castigo que os demais, que se as tiraran. Acordase que non protestou, porque un pode ser culpable sen tan sequera mover un músculo, sen facer nada.

Que, Braisiño, poñendonos sentimentais, non si? Marcos volverá a cabeza sen deixar de mallar en Lois. Axuda aquí ou mázote a hostias a ti tamén! Brais apertou os puños ata que as unllas se lle cravaron na carne e, cos ollos pechados, ttrouse sobre Lois. Si, cos ollos pechados. Para evitar a mirada. Porque seguro que Lois o miraba. Para que non lle viñese aquela náusea, outra vez aquela maldita náusea que xa lle subía, Brais pensou noutra cousa, por exemplo en que lle tiña que cambiar aquela endiañada musiquiña ao móbil... E darlle un descansiño a Shakira no seu mp3.

Carlos Mosteiro